

## **A PREHISTORIA EN MOAÑA**

---

**(Grupo Arqueolóxico do Morrazo - Comisión da Agrupación Cultural R.D. "NOS")**

### **XEOLOXÍA**

Segundo os últimos estudos publicados, cando a temperatura alcanzaba os 400 °C e a presión atmosférica era 15 veces superior á actual, apareceron as primeiras rochas de Galicia, definidas por unha franxa de 6 a 7 km. de ancho que comprende dende Malpica a Tui. Outra gran parte de Galicia fórmase na etapa xeolóxica coñecida co nome Ordovicense, fai 500 millóns de anos.

Na época Siluriana, 440 millóns de anos, xorden novas extensións de terreo, pero é no Carbonífero, 350 millóns de anos, cando Galicia toma a forma actual co nacemento do macizo galaico-astur.

Algúns autores afirman cas rochas mais antigas poden pasar dos 3.500 millóns de anos, nembargantes as datas cientificamente demostradas non pasan dos 900 millóns de anos, correspondentes ó período Precámbrico.

En Moaña atópanse granitos precámbricos -compostos por serpentinas e anfibolitas- de mais de 600 millóns de anos, delimitados nunha zona de Domaio, preto da Ponte de Rande.

A meirande parte da superficie do Municipio quedou constituída no Cuaternario, período Pleistoceno, fai un millón de anos, período de grandes diluvios que arrasan e decantan terras para zonas inferiores.

No cuaternario atopámonos con dúas grandes divisións xeolóxicas: O PLEISTOCENO comprendido entre 1 millón de 10 mil anos antes de Cristo e HOLOCENO que abarca dende os 10 mil anos ata nosos días.

No pleistoceno configúrase o nacemento da humanidade, espallándose polo Mundo, datando a entrada en Galicia a finais deste período, entre 100 e 75 mil anos, coincidindo coas glaciacións que cobren a maior parte dos continentes.

### **PALEOLÍTICO**

Período comprendido entre os 100 mil e 8 mil anos antes de Cristo, e dividido en Paleolítico Superior, Medio e Inferior.

Os vestixios fan supoñer cos primeiros poboadores de Galicia fixeron a súa entrada por Portugal. Algúns paleontólogos, sen demostración científica, cifran en 150 mil anos a chegada das primeiras ordas, nembargantes as escavacións feitas no verán pasado nas Gándaras de Budiño (Porriño), demostraron a existencia dunha cultura superior a 75 mil anos a. de C.

No Paleolítico Inferior, o home evoluciona a uns trazos mais humanos: capacidade cranial superior aos 1.400 cm. cúbicos, capacidade suficiente para pensar e manter unha conducta superior aos instintos, arcos superciliares (os que bordean aos ollos) saídos coma

viseiras de protección, queixo plano, desbastado por buscar os alimentos coa boca, e pernas cortas e musculosas adaptadas á caza. Así era o prototipo dos paleantrópodos chamados “Homes de Neandertal”.

As moas de cabalo atopadas preto de Carballo, os restos de mamut aparecidos no Incio (Lugo) e os bosques de piñeiros, segundo as análises polínicas, demostran unha fauna e vexetación de temperaturas frías, especialmente na derradeira fase da glaciación Würm, deixando atrás outros estadios menos xélicos e de vexetación esteparia.

Xurde no Paleolítico Inferior a industria achelense (75 mil anos a.C.) caracterizada polo aproveitamento dos croios (cantos rodados) e seixos para fabricación de machadas de pedra tallada, útil básico usado nas cacerías. A caza, cumprimentada ca recolleita de froitos, eran a base económica e alimenticia daquel entón.

Temos documentada a presenza desta cultura no Morrazo e concretamente en Moaña atopouse unha machada achelense no monte da Pena (San Martiño), podendo constatala como os poboadores máis antigos do Municipio.

Ó Paleolítico Medio pertence a industria musteriense de características semellantes a achelense: vida transhumante, economía de caza e recolleita de froitos e posiblemente o marisqueo dos pobos asentados nas ribeiras.

As industrias descritas dan paso a outras chamadas Gravetiense, Solutrense e Magdaleniense. Estas novas culturas encádranse no Paleolítico Superior onde a especie ten xa, unha definitiva constitución humana; mente áxil, mais alto, cara ancha e corta, mandíbula lixeira, coñecidos co nome xenérico de “Home de Cro-Magnon”. A súa economía segue a ser cazadora-recoletora, observando unha mellor perfección e especialización na fabricación dos útiles. Dos tendóns facían cordas para arcos e ondas, as pinturas e fachos sacábanse das graxas e as lascas, raspadores, coitelos, furadores, machadas, etc., eran labradas en talleres ó abrigo.



**Machada Achelense**

A partires dos 8 mil anos a.C. suavízase o clima sufrindo grandes oscilacións pola retirada da glaciación Würm.

## **MESOLÍTICO**

Período comprendido entre 8 mil e 4 mil anos a.C.

A industria musteriense penetra no Mesolítico á vez cos glaciares recúan cara ao Norte de Europa, é o remate da glaciación Würm. Este fenómeno produce variacións fundamentais no clima, ecoloxía e condición humana.

As variacións climatolóxicas habidas entre o Boreal e Atlántico (mirar o cadro da páx. 4) favorecen o crecemento dos carballos, sobreiras, aciñeiras, poboando pouco a pouco, máis extensións cos piñeiros, bidueiros e abelairas.

A fauna tamén emigra na busca do propio hábitat frío, arrastrando con eles a ordas de cazadores cuías pezas seguían sendo alimentos primarios.

Os espazos deixados por este abandono foron cubertos por animais de clima mais temperado (morno) e, tamén, novas ordas que darán aos nativos un empuxe na evolución.


### **NEOLÍTICO**

Pode ter comezo no ano 4 mil a.C. coa invención da agricultura, para rematar coa penetración da industria metalúrxica aproximadamente no 2100 a.C. Desenvolveuse nun clima Atlántico, máis cálido e húmido co actual segundo os estudos feitos dos sedimentos mariños da Ría de Vigo. Obsérvase unha diminución dos carballos, posiblemente tronizados para facer veigas. Os primeiros cultivos e a domesticación dos animais, cumprimentada coa economía cazadora-recolectora, axudará a transformar a vida transhumante en estática e sedentaria, condición esta, que aproveitan as familias e clans para organizarse en grupos. As relacións dos grupos aceleran o progreso técnico: invéntase a cerámica, multiplícanse os microlitos (coitelos, mazas, puntas de frechas, etc.) e as machadas de pedra púlense.

Unha machada pulida atopada na parroquia de Sta. Olaia (Meira), a metade doutra en Veiga Darca (S. Martiño) e anacos de sílex aparecidos xunto con cerámica na illa dos Ratos (San Xoán de Tirán) son útiles neolíticos que de forma illada catalogáronse en Moaña.

O xacemento de Regueiriño e Fontenla (S. Pedro de Domaio) -descuberto polo Grupo Arqueolóxico-, escavado en varias campañas por Antonio Costa e membros do Instituto do Padre Sarmiento, deron como resultado a aparición dunha habitación ou refuxio neolítico. A análise dos materiais deron tres niveis, datando o máis antigo no ano 2.460 a.C. A existencia, neste xacemento, de grans de cereais demostran o avanzado que estaba a agricultura en Moaña. Cabe destacar a aparición dun microlito tallado en cuarzo cristalizado, un anaco de machada pulida e restos de cerámica cardial (cerámica adornada pola presión do borde dunha cuncha).

En Galicia o neolítico identifícase como cultura Megalítica, legándonos, miles de túmulos chamados mámoas (ou tamén madorras, medorras, antas, dolmen, etc.). A construción destas mámoas require unha especialización e xerarquización no traballo, mestres, especialistas, obreiros, etc., na que xa estaba estruturada a sociedade. Os túmulos responden a unhas crenzas relixiosas e incluso noutras vidas.



Consérvase ben a mámoa do Chan da Arquíña, no monte Gagán, escavada e reconstruída por Sobrino Lorenzo no 1953 descubriendo un enxoval no que destacan, unha

machada pulida, cerámica sen decorar, contas de roseira silvestre carbonizadas anacos de sílex vermellos, anacos de pratos e coitelos.

As culturas son duradeiras chegando incluso a mesturarse con outras posteriores, este é o caso da cerámica campaniforme aparecida na mámoa do Chan da Arquiña ou dos ídolos de Regueiriño que atópanse en expresión do megalítico pero din corresponder a Idade do Bronce.

## **BRONCE**

A penetración en Galicia da industria do cobre, por Portugal, remata ca etapa megalítica. Esta transición pasa polos períodos Subneolítico e Calcolítico que espalla a cerámica campaniforme (vasos en forma de campá).

O Bronce comprende tres etapas ben definidas.

**Bronce Inicial.**- Abarca entre 1900/1800 a 1600/1500 anos a.C. A metalurxia introducida ven acompañada de cerámica precampaniforme que en pouco tempo deixará de importarse para fabricala a nosa terra, caso de Regueiriño e Fontenla.

Ten seu comezo no estadio Suboreal para rematar no Subatlántico, máis frío e seco co Atlántico, con predominancia na vexetación dos carballos e sobreiras, diminuindo as bidueiros e abelairas. Aparecen os castiñeiros. Os cultivos son máis extensos cumprimentando a economía doméstica co marisqueo e domesticación dos animais. Fortálécese a fundición do cobre, fabricando pezas metálicas sendo as máis comúns as puntas de alabardas i espetos de cobre.

A vida espiritual ten dúas vertentes relixiosas, unha baseada na crenza noutra vida e outra expresada nas gravacións feitas en penas e laxes, chamados petróglifos. Os petróglifos que corresponden a esta primeira división do Bronce están representados por coviñas, círculos mesturados e espirais. A estas indicacións atenden os petróglifos da Escada (Meira).

**Bronce Medio.**- Vai dende o 1600/1500 ó 1200/1100 anos a.C. Incrementase a produción metalúrxica enriquecendo o cobre con estaño, mineral de abundancia na Galicia, e a súa explotación manterá un posible comercio exterior.

As machadas de cobre serán substituídas polas de bronce sen aneis. A cerámica varía a formas de fondo plano e asadeiras.

As riquezas acumuladas constitúen unha razón para facer a guerra, deste xeito a violencia é posta ó servizo da economía, estimulando o espírito guerreiro, proliferando a fabricación das armas, proba diso é a espada aparecida en Meira que ofrece paralelos cas atopadas en El Argar (Almería) e Braga (Portugal) e cuia datación comprende entre os 1500 e os 1400 anos a.C. Cabe destacar que é a única deste tipo atopada en Galicia.

**Bronce Final.**- Comprende dende 1200/1100 a 700/600 anos a.C. e coincide co clima Subatlántico de temperaturas moi actuais.

A sociedade chégase a agrupar en tribos con estruturas xerarquizadas, tanto civil como militarmente. Os desperdicios eran tirados en sitios comúns chamados “cuncheiros” e que gracias a eles sabemos da domesticación dos porcos, cabras, vacas, ovellas, etc.

O arte rupestre plastifica escenas da domesticación dos cabalos e rituais sagrados con cervos e o astro solar, agora ben, os gravados mais representados son as covañas, círculos espirais, labirintos, paletas, cervos, escenas de equitación, cruces, etc. Exemplos temos en Moaña nos seguintes lugares: Verdeal en Domaio, Caeiro, illa de San Bartolomeu, Pozo Garrido, As Meáns, Rega Pequena, As Cidades e Devesa do Rei en Meira, e Os Remedios en Tirán.

O petróglifo da Borna, coñecido co nome "O dos Barcos" ten dous estudos. Un de Fernando Alonso que di representar as embarcacións de coiro que mantiñan contacto comercial cos países británicos, polo gran desenvolvemento da actividade mineira, e outro de Antonio de la Peña que di ser marcas da división de dúas parroquias, e polo tanto non pode catalogarse na Idade do Bronce.

Como vestixios de cerámica pódense corresponder os anacos atopados en Biduido (Domaio) e Outeiro do Gudelo (San Martiño).

As fosas descubertas no Casal (S. Martiño) parecen corresponder a un cemiterio onde incineraban aos cadáveres e metían as cinzas en potes que enterraban xuntamente cos enxovais. Ademais do Casal hai referencia deste tipo de fosas en Tirán e Domaio.

## **F E R R O (CULTURA CASTREXA)**

Etapa comprendida dende 6 ano 700 a.C. ata o século II despois de Cristo. Ó igual ca derradeira división do Bronce o clima Sub-atlántico favorece o crecemento dos castiñeiros.

Son innumerables as innovacións dadas neste período, como exemplo resaltamos: Substitución das pezas de bronce polo ferro; cultivo de legumes; sementeiras con arados; fabricación de fariñas con cereais; castañas ou landras; pesca a pé ou en bote; caza do xabaril; variación das formas e debuxo na cerámica; comercio exterior polo auxe da fundición do ferro; estaño; chumbo; cobre; ouro, etc.

As vivendas circulares ou ovaladas eran edificadas en lugares estratéxicos e fortificados debido a grande actividade bélica que incrementouse a partires do ano 139 a.C. polas sucesivas invasións romanas e, ó cabo de pouco tempo, remataron por convivir formando a chamada cultura galaico-romana.

Os castros documentados en Moaña están edificadas en outeiros como os de Montealegre en Domaio, o dos Remedios en Tirán, o da Cidadela en Meira, e o dos Ladrados en San Martiño. Nos petróglifos existentes nas proximidades destes castros predominan os gravados xeométricos.



Variedade de diluxos na cerámica procedente de Montealegre

Tanto en Montealegre como nos Remedios compróbase un alto grado de romanización incluso con vivendas e cerámica romana, caso de Montealegre ou ánforas, agullas, terra sigillata (cerámica) e restos de Bos Taurus nos Remedios.

Tamén temos indicios da civilización romana na parroquia de Tirán, concretamente na pedra do Pego e no Niño do Corvo, os mariñeiros arrastraron anacos de cerámica. Na parroquia da Nosa Sra. do Carme, preto da Igrexa, apareceron unha fonte e un forno con ladrillos refractarios. Descubriuse un concheiro no Caeiro e tamén atopáronse en Meira moedas dentro dunha ánfora coa inscrición de Elerne. Todos estes vestixios poden corresponder xa ó século III da nosa Historia.

Consólidanse as crenzas e rituais nos deuses, chegando incluso os nativos a asumir os deuses romanos pervivindo os deuses propios; así temos co deus Coso dos nativos tiña os mesmos atributos co deus romano Marte. A crenza dos deuses dos Lares Viales chegaron ata nosos días a traveso do cristianismo ó erguer os cruceiros nas interseccións dos camiños.

(Grupo Arqueolóxico do Morrazo - Comisión da Agrupación Cultural R.D. "NOS".  
Arqueoloxía de Moaña. Concello de Moaña. 1981)